

# O arquivo fotográfico da Magdalena e da Condomiña: memoria visual dos arrabaldes

ÁNGEL ARCAJ BARRAL<sup>1</sup>

## Sumario

Análise da evolución histórica dos barrios betanceiros: A Magdalena e A Condomiña a través das imaxes do arquivo da Asociación de Veciños.

## Abstract

An analyse about Betanzos quarters historical development: the Magdalena and Condomiña quarters through photographic archives of neighbors association

## 1.- AMAGDALENA E A CONDOMIÑA

Alén do Betanzos dos Cabaleiros e da cidade amurallada existen unha serie de realidades que complementan e enriquecen o pasado histórico de Betanzos. A transcendencia no pasado de varios arrabaldes da cidade, como o das Cascas, o da Condomiña ou o do Mandeo achéganlle á cultura local uns trazos que agrandan a súa innegable riqueza histórica.

Este é o caso do lugar da Condomiña, organizado dende setembro do 2011 nunha asociación veciñal que reúne no seu seo aos residentes tanto da costa da Condomiña como das rúas que a circundan -Sancha Rodríguez e Avenida Fraga Iribarne- e a zona chamada da Magdalena, vertebrada en torno á Avenida da Coruña<sup>2</sup> e as rúas que nela desembocan dunha ou outra maneira -Camiño do Carregal, Grupo Martín Ballesteros ou rúa Arxentina-. Resumindo, a Asociación de Veciños da Magdalena e A Condomiña agrupa a todos os veciños e veciñas de Betanzos que viven nese terreo comprendido entre a Ponte Nova e As Angustias e entre o Carregal e o leito da ría de Betanzos.

Entre as numerosas actividades desenvolvidas pola agrupación, e máis alá das propias reclamacións políticas e administrativas do colectivo veciñal, hai que facer especial fincapé nas accións destinadas a recuperar o pasado histórico dun conxunto cun gran peso na historia local. Os chamados *Cafés da memoria*, onde os maiores do barrio contaban os seus recordos; roteiros como o guiado por Xesús Torres Regueiro e Antón García para dar a coñecer o peso cultural das súas fontes da Cangrexreira e da Condomiña<sup>3</sup>; ou ciclos de conferencias nos que se buscaba difundir o pasado do lugar en boca de grandes figuras da historiografía local coma Xosé María Veiga Ferreira ou o antedito Xesús Torres Regueiro, quen nos axudou a saber máis sobre unha das figuras senlleiras da nosa barriada: o músico Carlos López García-Picos.

Xunto a estas actuacións temos que destacar a importancia doutra das campañas que máis transcendencia lograron: o da recolección de fotografías antigas achegadas por

<sup>1</sup> Ángel Arcay Barral (Betanzos, 1988) é licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e Mestre en Arquivos pola U. do Porto (Portugal). É coordinador da revista de investigación *Casa dos Espellos*, editada pola Asociación de Amigos do Parque do Pasatempo.

diferentes veciños e que axudaron a dar a coñecer a morfoloxía do lugar nas últimas décadas aos novos residentes, especialmente dende o *boom* urbanístico, viñeron a vivir ao barrio. Destacamos esta actividade pola capacidade que teñen as fotografías para fixar a memoria colectiva e para deixar constancia dun momento do noso pasado que poderá ser estudado grazas ao valor destes documentos, sen esquecer a gran capacidade que teñen para producir unha forte resposta emocional a quen as visualiza.

Esta maneira de contemplar o pasado non sería posible sen o traballo doutras plumas máis cualificadas que a que aquí escribe e que nos permitiron coñecer, por exemplo a través dos traballos do Cronista de Betanzos ou de diferentes artigos aparecidos no *Anuario Brigantino*<sup>4</sup>, as particularidades dun pasado histórico que semella estar ligado unicamente a eventos traumáticos que, explicados secuencialmente, parecen ter marcados o carácter e a idiosincrasia do noso barrio.

## 2.- OS VECIÑOS DA MAGDALENA E A CONDOMIÑA

Para comprender como no exemplo brigantino a existencia dun hospital de lazarados axudou a crear unha identidade colectiva determinada aos habitantes do futuro barrio, hai que comprender primeiramente a xeografía da Cidade dos Cabaleiros, especialmente na época na que se conformou a dita institución asistencial. Betanzos, ao pé da ría que leva o mesmo nome, está localizada dende o seu traslado no Castro de Untía, rodeada polos ríos Mendo e Mandeo que circundan a súa muralla medieval, só penetrable a través de varias portas das que aínda hoxe podemos contemplar tres que se manteñen en pé.

Dentro da dicotomía que se establece neste tipo de cidades -entre a vila amurallada e os arrabaldes do exterior- Betanzos estableceu o seu hospital no barrio da Condomiña, coa especificidade de non ser unha institución recluída nun único edificio senón que transformou por completo o lugar que pasou a funcionar coma un hospital a ceo aberto. O feito de ter escollido esta localización responde á necesidade de ter un lugar afastado da cidade onde poder aloxar aos enfermos, que ademais contase cun punto de abastecemento de auga, con terreos de cultivo e cunha capela na que rezar polas súas almas. Para iso, o barrio da Condomiña, situado ao oeste da cidade, era a situación perfecta para recluír aos doentes portadores deste mal ao que tanto se teme.

En termos cronolóxicos estamos falando dun hospital do que se ten constancia xa a mediados do século XV, cando o testamento de Núñez Pardo recolle unha partida para os enfermos «et mando a os lazarados de Madanela a cada huna huna branca de pan et un maravedi de vino, e a toudos huna perna de baca» (Pardo de Guevara, 1986: 26), demostrando ao mesmo tempo que os leprosos deste barrio vivían das axudas do resto, xa que contaban con varios petitorios colocados pola cidade (Ares Faraldo, 1983: 42).

A curiosidade deste exemplo, e retomando a reflexión introdutoria, vén dada polo seu paso á historia colectiva da cidade, xa que o barrio da Condomiña mantén parte da súa fisionomía ata a actualidade, motivado especialmente pola reutilización das súas instalacións coa aparición dunha fábrica de curtidos varios séculos despois da desaparición da leprosaría. As propias casetas dos doentes pasarían a ser as vivendas dos obreiros e as terras de cultivo o seu pequeno reforzo económico. Non é baladí mencionar que este tipo de fábricas eran expulsadas das inmediacións do recinto amurallado polos problemas hixiénicos que deparaban. Co paso dos anos e coa perda da puxanza económica da fábrica, moitas familias mantiveron as súas residencias neste barrio que aínda contaría con outro episodio traumático ao ser empregadas as súas instalacións da antiga curtiduría como

campo de concentración en tempos da Guerra Civil, sendo os propios veciños a principal axuda dos reclusos entre os que encontramos algún nome coñecido coma o de Vicente Ferrer (De la Fuente, 2004).

Malia as diferentes calamidades, incrementadas en diferentes períodos de tempo por uns datos migratorios alarmantes, esta zona de Betanzos mantén diferentes trazos dunha cultura popular que co paso dos anos vaise vendo máis ameazada. Quizais a festa do barrio, o luns de Pascua, sexa a máis característica das que permanecen. Unha simple romaría relixiosa na que pedirlle ao San Lázaro

protección ante os males da pel, mentras se degustan o viño do país e os cacahuetes, figos e pasas tradicionais. O curioso é que a súa celebración é das máis antigas da cidade, a súa orixe remóntase ata polo menos o século XVI, e celébrase máis ou menos ininterrompidamente dende ese momento. Ou o que é o mesmo, esta romaría celebrada dentro do lazareto congregaba, xa en tempos do hospital, a veciños de toda a cidade neste nexo de unión entre os de dentro e os de fóra da muralla. A pesar do rexeitamento social que xeraba a enfermidade, foi dende sempre unha visita obrigada para todos os betanceiros caritativos, algo do que se beneficiaban tamén os enfermos ao ser un día no que se incrementaban as esmolos que, posteriormente, eran repartidas de forma igualitaria polos representantes da Orde de San Lázaro. E aínda que na actualidade o poder de atracción poida ser menor, a propia asociación de veciños segue encargándose de facer efectivo ese lema que reza iso de «se á Magdalena non vou, meu amor, en todo o ano non fago labor»<sup>5</sup>.

Outra cuestión que afonda nesta dicotomía pode ser a limitación que as propias murallas levaban parellas para dividir a poboación, pechándose durante as noites e quedando exentos de moitos servizos os propios veciños da cidade que vivían a extramuros.

Obviamente e por cuestións temporais, ningunha das xeracións que hoxe residen no barrio da Magdalena viviron en primeira persoa as experiencias da leprosaría e poucos quedan tamén dos que padeceron as inclemencias posteriores á Guerra Civil. Por isto, e polas razóns anteriormente expostas, hai que comprender os arrabaldes betanceiros coma pequenos entes diferenciados da cidade ca que a pesar de todo seguiron mantendo un vínculo comunitario<sup>6</sup>.

Todo isto hai que comprendelo dentro do proceso de creación da memoria colectiva da veciñanza, nun punto lastrado especialmente polos fitos negativos do seu pasado histórico pero que servirá de fío condutor para a súa identidade no microcosmos local. En palabras de Eric Hobsbawm, «sin los otros no hay necesidad de definirnos a nosotros mismos» (Hobsbawm, 1994: 9) e aínda que neste caso os outros sexan tamén os propios veciños da mesma cidade, non impide que exista -ou existise ata non hai moito- unha reivindicación colectiva dos males pasados como factor para comprender a marxinación puntual dentro do día a día local. Ata non hai moito era habitual escoitar como os propios veciños se referían a Betanzos coma un ente alleo. Frases como «vou ir a Betanzos» ou o lastre aínda das portas medievais da muralla, foron capaces de crear cidadáns de primeira e de segunda categoría, de dentro e de fóra da muralla, que non se identificaban entre eles. E é por iso que



Fig. 1 Veciños na fonte da Cangrexreira escoitando a Xesús Torres e Antón García.



Fig 2. Imaxe do San Lázaro da capela da Condomiña.

a nosa identidade vaise transformando segundo as maneiras coas que somos tratados polo sistema cultural que nos rodea (Hall, 1998: 12), ou o que é o mesmo, o patrimonio que supón a nosa memoria colectiva de barrio -ao igual que o resto do patrimonio do lugar- precisa duns criterios de conservación para, polo menos, manter vivo o seu recordo.

Por exemplo, ao ser vítimas desa burbulla inmobiliaria os veciños da Magdalena e A Condomiña pasaron a ver como as antigas casetas dos leprosos sobreviven á sombra

das grandes moles de cemento onde residen novas familias que nada tiveron que ver coas xeracións anteriores. Esta xustaposición de culturas, das que tamén fala o especialista J. M.<sup>a</sup> García Otero no seu traballo, desemboca non só na perda da memoria colectiva e polo tanto na desaparición do patrimonio cultural, senon que tamén acaba dando lugar a un sistema cultural homoxéneo para todo o conxunto urbano. Isto provoca que co paso do tempo asistamos impasibles á desaparición de boa parte dos hábitos colectivos dun sistema cultural ao que lle arrincaron as raíces.

Tratando de fuxir dunha linguaxe violenta, a existencia de dúas identidades enfrontadas dentro dun mesmo lugar non presupón unha coexistencia conflitiva. Ao contrario, teríamos que aprender a valorar esta confluencia como un exemplo para o futuro e como un motivo de celebración máis do noso rico patrimonio cultural.

### 3.- O ARQUIVO FOTOGRÁFICO DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS.

Depositado xa no seu día no Arquivo Municipal de Betanzos, o arquivo fotográfico conta con máis de trescentas imaxes procedentes dos arquivos privados de diferentes veciños e ex-veciños desta zona. A maiores hai que incluír un basto repertorio de imaxes cedidas no seu momento polo propio Arquivo Municipal de Betanzos. Como acontece moitas veces ao traballar con este tipo de fondos, descoñecemos numerosos aspectos da súa creación, especialmente aqueles que nos axudan a datar moitas das fotografías, para o que nos teremos que valer do reflectido nas imaxes.



Fig.3 Vista xeral de Betanzos cas casas da Magdalena en primeiro termo. Fotografía de Martínez Santiso a comezos do século XX.

Todo este material foi o protagonista de dúas exposicións celebradas no verán do 2012, primeiro na Capela da Condomiña e posteriormente no Edificio Arquivo-Liceo, cunha anutable asistencia de público.

A través destas fotografías trataremos de repasar a historia deste arrabalde, prestando especial importancia aos puntos máis destacados da súa xeografía. Como ben comprenderá o lector, ao tomar como obxecto de estudo unha colección fotográfica non sería posible retroceder no tempo máis dunha centuria, algo que non deba decepcionar aos interesados posto que boa parte do barrio da Magdalena, a principios do século XX, non tiña nin tan sequera terreo sobre o que asentarse, senón que foi medrando a partir da chegada do ferrocarril e da transformación das xunqueiras que rodeaban a ría de Betanzos.

Polo tanto, partiremos dun punto inicial que serán as fotografías panorámicas de Martínez Santiso (Vid. Fig. 3), onde poderemos ver como boa parte da explanada que hoxe ocupa a Avenida da Coruña quedaba reducida a un camiño de «quinientas y çinquenta baras de medir de tres pies cada bara» (Núñez Varela, Ribadulla Porta, 1984: 290). Esa era a distancia que nos separaba da vila amurallada.



Fig. 4 Primeira comunión na capela, coas casetas (v. antigas chemineas).

### O barrio da Condomiña

Seguindo o explicado anteriormente, esta parte do barrio será o núcleo máis antigo da nosa particular poboación. Ligado a esa serie de eventos negativos que comentabamos anteriormente -o hospital de lazarados, a fábrica de curtidos e o campo de concentración- conforma un recuncho particular para a historia de Betanzos por toda esta serie de acontecementos. As características xeográficas e o feito de formar parte dun basto terreo que pertence practicamente a unha única familia, permitiu que a morfoloxía do lugar case non se transformase no último século. A costa da Condomiña, esa baixada ligada ás esmolos que recibían os enfermos de lepra por parte dos transeúntes do camiño real que viña da Coruña, aínda pode ser imaxinado hoxe en día sen gran dificultade. Aos seus pés, as ruínas da fábrica dos Etcheverría e o eterno pingar da fonte serven coma sustento das pedras doutras localizacións que quedaron desvirtuadas por completo: a casa de Fina e Andrés da Granxa ou moitas das antigas construcións de arquitectura popular ás que se refire José M. Otero no seu traballo, que seguen decorando a beira leste da costa da Condomiña.

Agochada na parte baixa da Condomiña, a capela -tamén nun estado de conservación máis que cuestionable- segue a protexer esa impactante imaxe do San Lázaro dende que se trasladou da antiga ubicación na beira oeste da propia costa.



Fig. 5 Antiga fábrica de curtidos da familia Etcheverría.



Fig. 6 Inauguración das obras do firme da rúa da Condomiña.



Fig. 7 Casetas da Condomiña en 1984.  
Fotografía de Alfredo Erias.



Fig. 8 Panorámica das casetas da Condomiña.



Fig. 9 Panorámica do barrio da Condomiña en 1984. Fotografía de Alfredo Erias.



Fig. 10 Grupo de veciños na casa de Fina e Andrés os da Granxa traballando no lúpulo.



Fig. 11 Fábrica de curtidos da familia Etcheverría. Foto: Alfredo Erias (27-02-1984).



Fig. 12 Veciños ao pé da Condomiña ca cheminea da fábrica ao fondo.




Fig. 13 Elena no cruce da Magdalena.



Fig. 14 Imaxe da Condomiña durante as obras do firme da rúa.



Fig. 15 Carreira ciclista pasando por diante da Condomiña.





Fig. 16 Fina a da Granxa no cruce da Magdalena.



Fig. 17 Panorámica da Condomiña a finais dos anos 90 cos carteis das novas urbanizacións.



Fig. 18 Panorámica do barrio da Condomiña nevado a finais de 1987.

### A Fábrica da luz

Transportándonos a latitudes opostas atopamos unha das moitas xoias arquitectónicas que posúe o barrio, a fábrica da luz da familia Núñez, unha das primeiras construcións en ocupar estes xuncais que bordeaban a Ponte Nova. Ao seu pé a familia Núñez decide instalar a principios de 1900 (Núñez-Varela, 2015b) unha subcentral das industrias Núñez y Compañía. Nela estarán situadas as oficinas, as salas de máquinas, os almacéns de materiais e un embarcadiro ao pé das naves sobre o leito do río Mendo.

Neste mesmo lugar xa tiñan instalado os talleres do serradoiro mecánico e dos muíños que formarían parte tamén da amálgama de negocios de banca e comercio que a familia Núñez tiña por todo Betanzos.

Rafael González Villar, ademais de levantar a afamada Casa Núñez na rúa do Castro - hoxe sede do Centro Internacional de Estampa Contemporánea- realizaría tamén o proxecto de edificio e pavillón desta industria, na segunda década do século XX.

A súa particular evolución, ao igual que outras moitas empresas da época, acabaron en mans das Fuerzas Eléctricas del Noroeste, transmisión aprobada pola empresa en 1962. Mantivo o seu funcionamento ata o cambio de século, onde diversos incendios e o posterior abandono levaron a esmorecer boa parte da súa estrutura orixinal.

Non ocupa un papel central nas fotografías da asociación debido, en parte, á súa localización. Está afastada das vivendas dos veciños do barrio, polo que teremos que reparar nas paisaxes que complementan moitos dos retratos familiares que se tiñan feito ao pé da Avenida da Coruña para lograr averiguar algo da súa evolución.

Fig. 19 Fábrica da luz cos hórreos da Galera e a Ponte Nova.



Fig. 20 Fábrica da luz co antigo cruceiro da Magdalena<sup>7</sup>.



Fig. 21 Fábrica da luz co antigo cruceiro da Magdalena.



## O ferrocarril

Malia que o ferrocarril xa tiña chegado a Betanzos en 1893 (Erias, 1983), na liña do Noroeste que ten como parada a Estación do Norte -así coñecida por ser explotada no seu tempo pola empresa Caminos de Hierro del Norte de España- a chegada posterior á zona da Magdalena supuxo un fito sen precedentes, tanto pola importancia da chegada dese desvío coñecido como Ramalillo, como polas transformacións xeográficas que supuxo a súa inclusión no noso particular mapa local.

Aínda que existían propostas dende polo menos 1853 (Erias, 1983: 88), non foi ata as xestións de Fruto Saavedra Meneses en 1864 cando a chegada do ferrocarril ao noso barrio comezou a coller forma. Como sempre, os proxectos e as obras propostas comezaron a realizarse con certo atraso a finais do século XIX ante a insistencia do consistorio local.

Con Laureano Linares Rivas á fronte do Ministerio de Fomento, e ante a ausencia de interesados nas poxas para a realización das obras, púxose o goberno a comandar as accións para unir por liña férrea as cidades de Ferrol e Betanzos.

O proxecto orixinario da liña atravesaría o municipio pola ría a uns tres quilómetros do núcleo urbano, o que xerou diferentes protestas entre os veciños, tendo que actuar o concello e a Junta Popular Gestora del Ferrocarril de Betanzos a Ferrol. Nunha carta escrita ao Ministerio de Fomento recórdaselles o perxuízo que supuxo a execución do Ferrocarril do Noroeste «debido a pasar a mucha distancia de la población por un punto elevado en relación a la misma. Esto ocasiona grandes perjuicios para el tráfico pues encarece de manera extraordinaria los transportes de las mercancías que se importan y exportan por la referida estación» (Erias, 1983: 90).

Cedendo ás presións lógrase un proxecto ideado polo Sr. Angulo no que o tren se aproximaría o máximo posible á cidade grazas á creación dun terraplén moi elevado e cunha ponte de ferro colocada a unha altura que permitise o paso continuado das embarcacións de pau alto pola ría. Continuarían os problemas coa rebaixa da altura desta ponte e do dito terraplén, que impedían o paso de boa parte das embarcacións que continuamente se achegaban a Betanzos, e fixeron esmorecer por completo a actividade marítima dos antigos peiraos.

A solución imposta foi a de manter esta ponte baixa xunto coa creación dun porto máis alá da ponte de ferro, proxecto que recibiu numerosas críticas por parte da poboación.

A inauguración oficial realizouse o 5 de maio de 1913<sup>9</sup>, malia que as obras levaban xa un tempo rematadas, especialmente a da modificación da canle da ría que dende o ano 1906 desviaba a súa parte final, na que se une co Mendo e o Mandeo, que comparten agora terreos co trazado dun novo porto. Esta aposta pola infraestrutura ferroviaria e as innovacións da época supuxo tamén o esmorecemento da actividade mariñeira dos betanceiros, desaparecendo por completo os antigos peiraos e gañando cada vez máis terreo o lamazal actual.

A construción da ponte do tren sobre a ría de Betanzos supuxo a transformación das xunqueiras sobre as que se puideron asentarse no futuro inmediato outra serie de edificacións como o edificio de sindicatos ou o Parque Municipal Pablo Iglesias. Como xa indicaba a prensa da época<sup>10</sup>, este fito transformaría por completo a panorámica visual do lugar:

*Por fin ha comenzado los trabajos para el arreglo y arbolado del relleno de la Magdalena, donde tendremos para lo futuro un hermoso y ameno paseo. La porción tomada de aquella hermosa planicie para tal fin, es de 105 metros por 103, que componen un total de 10.815*

*metros cuadrados, los cuales quedarán cercados por una alambrada, dejando anchos paseos alrededor para el servicio del tránsito público y otros divertimentos infantiles.*

Arredor da propia estación aparecerían tres grupos de construcións diferenciadas que poderemos ver máis adiante nunha imaxe aérea de todo o barrio da Magdalena. Nela destacan a propia estación e a cantina, separadas por un pequeno almacén no que por tempos tamén se gardaba o carbón das máquinas. Por detrás, e cunha formación similar á que teñen na actualidade, habería dúas vivendas de planta baixa que estarían ocupadas polos xornaleiros da RENFE (Vid. Fig. 37). E tirando máis cara á cidade, un grupo de vivendas levantadas pola familia De la Fuente daban cabida a varios irmáns da mesma liñaxe, tras establecerse na Ponte Vella a primeira saga familiar arredor da segunda década do pasado século. Estas vivendas serán as que vexamos limitando co campo de fútbol do Instituto Laboral<sup>11</sup>.



Fig. 23 Novo peirao coa estación de ferrocarril ao fondo.



Fig. 24 Ponte do ferrocarril e o seu novo trazado pola Magdalena en 1913.



Fig. 25 Parella coa ría de Betanzos ao fondo.



Fig. 26 Antigo peirao desaparecido ca chegada do ferrocarril.



Fig. 27 Tren saíndo da estación de Betanzos-Cidade ca casa da Rega ao fondo.  
*Vida Gallega*, 20 de febreiro de 1935.



Fig. 28 Panorámica do barrio coa nova ponte do ferrocarril.

## O campo de fútbol

Unha das primeiras consecuencias desta modificación do leito da ría foi a aparición dun novo deporte nos límites do noso barrio. Tratábase dunha tradición inglesa que comezou a ter certa pegada ao final da centuria decimonónica en moitos portos da Península Ibérica. O fútbol, ou *foot-ball*, chegou a Betanzos a comezos do século XX se acreditamos nos traballos de Veiga Ferreira e Andrés Martínez Guerra que aseguran que en 1909 xa había dous equipos na nosa cidade, o Betanzos Unión e o Mendo, ampliado a un terceiro, o Chantecler, o ano seguinte. O recinto deportivo empregado para tal fin atopábase na explanada do ferrocarril, no campo denominado da Estación, é dicir, nos terreos contiguos á nova obra que transformaría por completo a orografía desta zona de Betanzos<sup>12</sup>.

É moi sinxelo identificar este recinto -e o posterior- nas fotografías de época, posto que houbo este primeiro campo nos terreos que agora ocupa o Parque Municipal, tendo a súa disposición dentro do eixe leste-oeste, mentres que posteriormente se transformaría nun recinto, incluído xa dentro do centro de ensino, orientado no eixe norte-sur.

Este campo primixenio estivo sen pechar ata 1923, e foi empregado para outras moitas actividades. Tomaría maior consideración a partir da primeira fundación do Betanzos Fútbol Club, en 1920, polo que tres anos despois, e parece ser que grazas ao labor de Gabino Vázquez, acometeuse a empresa de construír e pechar o campo de fútbol no espazo que na actualidade ocupa o parque Pablo Iglesias, cun recoñecible peche de madeira obra do carpinteiro José López González.

Este campo estaría operativo durante unha década, ata a desaparición, tanto do clube como do campo, que sería empregado para instalar no seu lugar o Parque Municipal. E os betanceiros terán que agardar ata o 7 de xullo de 1942, cando novamente se institúa o Betanzos F.C., que xogará no recién estreado campo da Magdalena. O terreo de xogo contaría cunhas dimensións de 110 por 68 metros, «lo que lo convertiría en aquel entonces en el segundo más grande de España. El primero era el de Murcia, en su Campo de la Condomina»<sup>13</sup>. Foi inaugurado o 20 de setembro de 1942 cun partido contra o Deportivo B que os betanceiros logran empatar a dous goles. Como acontece co resto dos lugares ideados e proxectados neses anos, nos que a economía tanto estatal como local pasaban por certos apuros, a idea de crear este campo procedía xa de 1938, cando na sesión do 2 de agosto conseguíuse chegar ao acordo de comprar ou expropiar terreos no arrabalde da Magdalena para dotar á cidade dun Campo de Deportes (Núñez-Varela, 2015: 60).

Ao ir medrando a afección o campo vai quedando pequeno, especialmente para disputar enfrontamentos de maior categoría. Por iso será unha constante nestes anos a reclamación dunha nova superficie para construír un novo campo de fútbol. Como poderemos apreciar nas actas municipais, o terreo do campo de fútbol foi ofrecido a diversos colectivos como o Frente de Juventudes<sup>14</sup> ou mesmo a Garda Civil<sup>15</sup> para instalar alí o seu cuartel, e ambos os dous rexeitarán a proposta. Co paso dos anos haberá tamén numerosas transformacións no clube local, pasando a ser recoñecido coma Brigancia ou mesmo coma Brigantium, nome que será oficial entre 1952 e 1992 cando nunha nova refundación volva aparecer o Betanzos F.C.

Segundo podemos ver no *Eco de las Mariñas*<sup>16</sup>, o presidente do Brigantium en 1956, Julio Picatoste Francos, xa reclamaba a posibilidade de trasladar o campo de fútbol ao Carregal. Baixo o épico titular de «Brigantium 3 – Órdenes 1: Nieve, frío y coraje en el campo de la Magdalena», o máximo representante do clube recoñecía que «así lo comprende también nuestra primera autoridad local, el Ayuntamiento tiene ya destinados unos terrenos

en el Carregal, y consignadas en sus presupuestos aportaciones para los rellenos y construcciones» anunciándose o inicio das obras un mes despois<sup>17</sup>.

Pero como todos os investimentos dese tempo, a demora e a falta de resultados estiran no tempo o traslado do campo. Veremos como en 1958<sup>18</sup> o tradicional partido de fútbol das festas de San Roque vaise celebrar no campo da Granxa, mentres que ao ano seguinte, o 25 de novembro de 1959, «se reunieron con el Alcalde de la ciudad, Tomás Dapena Espinosa, vecinos de la localidad relacionados con el deporte con el fin de formar una directiva y poder conseguir una ayuda económica». Isto parece chegar a bo porto xa que o 9 de abril de 1961 ten lugar a inauguración do campo do Carregal, de menos dimensións que o anterior, onde se tiña comezado a temporada. O acto festivo da inauguración contou cun partido amigable contra o Sporting Cambre.



Fig. 29 Primeiro campo de fútbol, coas casetas da Condomiña ao fondo



Fig. 30 Primeiro campo de fútbol, coa costa que sube ás Angustias ao fondo



Fig. 31 Segundo campo de fútbol, dentro xa do Instituto Laboral<sup>19</sup>.



## O Parque Municipal

A datación do Parque Pablo Iglesias é máis complicada do que parece. Como xa temos dito, en 1932 parece ser que se inaugurou o Parque Municipal<sup>20</sup> ao pé da Ponte Nova, e ocupou o lugar do primeiro campo de fútbol que se coñece na cidade. Dependendo das fontes que se consulten, a proposta puido ter partido de varias fronteas. Os republicanos recoñécenlle a labor ao político local Ricardo Bonome, militante da O.R.G.A.-segundo lemos na súa nota necrolóxica publicada no xornal arxentino *Betanzos*, do Centro Cultural Betanzos-; mentres que como podemos ler no minucioso traballo do Cronista de Betanzos a iniciativa parte, xa no pleno do 20 de febreiro de 1923, do concelleiro Pérez Vales (Núñez-Vales, 2015: 58), retomándose en diferentes momentos o proceso que demorou case unha década. Seguindo as referencias do Cronista de Betanzos podemos ver como tiña arrincado o proxecto:

*Siendo Alcalde Don Calixto Leis Ponte, se hicieron reiteradas gestiones para que el Estado reintegrara al municipio el terreno de los llamados Juncales de Cortadores, que habían sido ocupado con motivo de las obras del ferrocarril de Betanzos a Ferrol y desviación del cauce de la ría. Conseguido esto, se acotó el terreno concedido por el Estado, en compensación de dichos juncales, cerrandolo con alambrada, como hoy se halla. Como estos juncales fueron rellenados más de 50 centímetros sobre el nivel de las mareas más altas, quedaron en inmejorable condición de fertilidad, y por esta condición y situación apropiada, se acordó convertir este terreno en un parque, para recreo y esparcimiento público (Núñez-Vales, 2015: 58)21.*

Non queda moi claro ata que punto o proxecto encargado a Francisco Javier Martínez Santiso chegou a ser efectivo xa en 1923, cando a vontade era chamarlle ao parque Agustín García Sánchez, sobre todo porque en 1931 volve aparecer o debate no pleno, por man dos monárquicos, que solicitan facer un parque en Betanzos que leve o nome de Pablo Iglesias. Entendemos que sería nesta época cando se fixo efectivo porque ata o momento o lugar estaría ocupado polo campo de fútbol primixenio.

Este recinto adoece dende os seus inicios dunha falta de conservación que podemos ver en numerosos xornais que reclaman o amaño dos buxos que arrodean o perímetro. Como xa ten acontecido noutras ocasións, o proxecto definitivo pouco ten que ver con outras propostas como a que podemos atopar no Arquivo Municipal de Betanzos<sup>22</sup> entre os papeis de Martínez Santiso<sup>23</sup>.



Fig. 32 Unha das primeiras imaxes do Parque Municipal.



Fig. 33 Proposta de Martínez Santiso para o Parque Municipal.

### A Casa Sindical

Aos pés do propio Parque Municipal, mesmo dentro do seu recinto, aparecerá un tempo despois a Casa Sindical deseñada por Rodolfo Ucha Donate, dentro dun movemento de modernidade que foi interrompido no seu momento pola Guerra Civil e para o que o arquitecto realiza unha obra antimonumental, cunha superposición de volumes que se adaptan ao terreo, ao parque, xogando coa transparencia das antigas cristaleiras -xa desaparecidas na actualidade- e obviando a creación dunha fachada frontal e monumental. Ademais de xogar coa luz natural, aproveitaba unha escaleira interna para unir todos os volumes, creando unha forma arbórea característica (Río, 2011).

Trátase dunha encargada feita de maneira urxente pola Delegación Provincial de Sindicatos da Coruña, que buscaba construír o seu proxecto á fronte do Instituto Laboral que daquela aínda estaba en construción. Deste modo a obra inaugúrase o 13 de setembro de 1964 coa presenza de, entre outros, o ministro José Solís Ruíz.

Malia contar cun aspecto exterior totalmente diferente na actualidade, máis aínda dende o tapiado das fiestras con formigón, sentenza absoluta da ruína desta construción pola falta de vida no seu interior, o edificio chegou a contar cunha intensa actividade ao funcionar varios anos como oficina de emprego ou como punto no que pagar a agraria, o seguro dos agricultores, obrigando a moitos betanceiros a desprazarse ata esa zona da Avenida da Coruña.



Fig. 34 Varios nenos diante do Instituto Laboral, coa casa sindical ao fondo.



Fig. 35 Familia no barrio da Magdalena ante a casa sindical e a Casa da Rega.



Fig. 36 Equipo de fútbol formando no campo do Instituto Laboral coa casa sindical ao fondo.

### **O Instituto Laboral**

Tamén de maneira urxente recibiu o encargo o arquitecto Antonio Tenreiro Brochón, fillo dun dos arquitectos galegos de máis renome do século XX: Antonio Tenreiro Rodríguez. Tras un proceso de formación polos países escandinav encomendóuselle a tarefa de deseñar en menos de cen días a que sería a sede do Instituto Laboral, denominado a partir de novembro de 1955 Francisco Aguiar.

A construción deste demorouse dende 1954 a 1957, mentres o centro de ensino ocupaba o mosteiro de San Domingos dende a súa inauguración o 17 de setembro de 1952, dando lugar a un dos conxuntos arquitectónicos máis distinguidos de toda a cidade durante a centuria pasada. Baseado na distribución e na orientación do edificio, aproveitando deste modo a luz natural; no terreo que o circundaba e na composición estética escollida para a

súa execución, Tenreiro logrou levantar un dos exemplos máis característicos da arquitectura orgánica, estando repartido, segundo as súas palabras: «Talleres y dibujo al norte, aulas-laboratorios-gimnasio al sur, de una manera muy elástica y de fácil ampliación, circulaciones claras y no excesivamente largas y acceso rápido por un gran vestíbulo-salón de actos estratégicamente situado, y contiguo a la parte administrativa del centro» (Río, 2011: 486).

Adecuado á monumentalidade do resto da cidade, executou unha serie de volumes horizontais onde combinaban a riqueza plástica destes cos muros de cachotaría que facían referencia á tradición local. Todo isto nunha edificación levantada do chan por estar, como xa dixemos ao falar da chegada do ferrocarril a Betanzos, sobre un terreo de xunqueiras, lama e auga.

A súa modernidade contou dende os inicios co beneplácito da veciñanza. Por desgraza, e seguindo a liña decadente da maior parte dos edificios que foron referenciais dentro do barrio no século XX, non chegou a adquirir un estado ruinoso senón que directamente foi derrubado nos anos oitenta para trasladar a súa sede ao outro lado da estrada, ao actual IES Francisco Aguiar. No medio do edificio contemporáneo aínda podemos apreciar a herdanza das chamadas *porquerizas*, o derradeiro elemento vivo do Instituto Laboral que ocupaban os campos de experimentación cos que contaba o centro na outra beira da estrada.



Fig. 37 A casa sindical, aínda en obras, nunha panorámica do barrio da Magdalena.

Logrou o que poucas construcións acadan, o de provocar unha fonda pegada nos seus usuarios que continuamente ensalzan a estética e a funcionalidade dos edificios, quizáís tamén pola acción da nostalxia na memoria de moitos dos seus antigos alumnos. Os seus interiores, tan espectaculares como o exterior, estaban decorados tamén baixo os ideais do propio arquitecto que se encargou de deseñar o mobiliario, as escalinatas, o lucernario, etc.

Neste centro impartíanse, ademais das materias habituais do ensino secundario (linguas, latín, matemáticas, historia, formación relixiosa, formación do espírito nacional, etc.) os coñecementos básicos para o mundo agropecuario e todo tipo de formación nocturna para elevar o nivel cultural e técnico da súa contorna -con formación de economía doméstica para as mulleres-. En palabras de Tomás Dapena, alcalde franquista no momento da inauguración, serviría como «faro cultural de toda la comarca, con el cual se conseguirá desaparezca de nuestros límites el peón indocumentado y el vago pernicioso, lacras sociales que tan daño han hecho en diversas épocas a nuestra Patria» (Montero, Rodríguez, 2002: 494). En definitiva, tratábase de impulsar o proposto na lei do 16 de xullo de 1949, que buscaba implantar o ensino medio e profesional nos núcleos de Galicia que ata o momento carecesen de centros formativos, como era o caso de Vilagarcía, Noia, Tui, Mondoñedo, Lalín, Carballo ou Ribadeo, levando á práctica uns coñecementos teóricos e técnicos que permitisen agrandar o desenvolvemento local de cada urbe.



Fig. 38 Mural interior do Instituto Laboral.<sup>24</sup>



Fig. 39 *Porquerizas* do antigo Instituto Laboral.

### A Casa da Rega

Xusto ao lado da nova edificación do IES Francisco Aguiar, dando sombra ás coñecidas como *porquerizas*, atopamos a Casa da Rega, outra construción icónica e que grazas ao labor dos seus donos acaba de ser incluída no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia<sup>25</sup>, factor que nos gustaría destacar neste traballo tanto pola importancia do feito como pola vontade exemplarizante que del se poida desprender. Malia presidir a paisaxe de moitas das fotografías da nosa colección pouco sabemos desta construción, ao ser unha residencia privada dende os seus inicios.

A obra, de 1922, trouxo ao noso barrio a outro dos grandes nomes da arquitectura do momento, Leoncio Bescansa, quen levantou unha residencia de carácter singular pola súa similitude ás casas de indianos que podemos contemplar noutras latitudes e por ser un exemplo máis da arquitectura ecléctica galega.

Entre os seus residentes máis senlleiros atopamos a figura de José Novo, alcalde brigantino represaliado e fusilado en 1936.

A nivel xeral non atopamos grandes transformacións exteriores neste número 13 da Avenida da Coruña, contando na súa parte traseira cun pequeno terreo axardinado.



Fig. 40 Muller con nenos ante a Casa da Rega.



Fig. 41 Pedro Barral cos seus netos e ao fondo a Casa da Rega e as porquerizas.



Fig. 42 Imaxe aérea do Carregal onde se ve a parte traseira da Casa da Rega e o barrio da Magdalena.



Fig. 43 A Casa da Rega e o Instituto Laboral co campo de fútbol dominando a antiga panorámica da Magdalena.

### **O barrio da Magdalena**

Entendendo por este lugar ás casas que se amontoan ao pé da Avenida da Coruña, sobre todo no tramo en torno á capela, por ser ata hai pouco o único que contaba cun grupo de vivendas e, polo tanto, de veciñanza máis alá das casas da costa da Condomiña. A historia deste lugar e a súa identificación a través das fotografías hai que facela arredor de dous momentos diferenciados nos que o sitio muda considerablemente: antes e despois das obras que fixeron máis ancha a estrada nacional en 1973 e que en consecuencia obrigan a tirar practicamente a totalidade das casas desta zona.

Do primeiro momento, por sorte, contamos con varias referencias gráficas onde podemos ver moitas das casas aliñadas en torno á estrada -sendo esta aínda de lastras- cun pequeno foxo ao pé de cada vivenda (Vid. Fig. 44). Este tipo de estrutura fomentaba a vida comunitaria, acompañada dunha etapa na que na zona habería diferentes negocios que facían da Magdalena un punto de paso constante: bares como o do Pepe o Rueiro e a súa nai, o de Pedro Barral, a taberna do Cholo ou a Perla de Manolo o Brigada; bodegas do viño do país que montaban Julio o Mourón, na curva comezando a subida para As Angustias, ou os da Condomiña de Domingo o Mourón e posteriormente, décadas despois, o do Polín. Nesta época aínda non era un barrio dedicado aos servizos, como pode ser na actualidade cas escolas e demais, senon que contaba con pequenas industrias que reforzaban este bulir



Fig. 44 A familia Barral nas antigas vivendas do barrio da Magdalena.



Fig. 45 Interior de Bodegas Barral no establecemento que ocupou entre 1973 e 1999.



Fig. 46 Antiga construción de Bodegas Barral, en pé ata 1973.

de xente polas súas ruás: a carpintaría do Chasco, os talleres Rey, a fábrica da luz e o serradoiro que estarían camiño do Carregal, o taller de Juan Carro na mesma zona ou o de Antonio Sanmartín, «o das Máquinas» ao pé do que hoxe é a Avenida Fraga Iribarne.

Nestes tempos, iniciativas coma a do veciño Pepe Casanova, que levaba a pista Rey Brigo, eran tamén un aspecto importante para a vida do barrio porque moitos dos seus veciños acabaron traballando con el na sala de festas. E todo sen mencionar o traballo no



campo e incluso no lúpulo, ocupación coa que practicamente todas as familias estaban ocupadas.

A maiores a zona caracterízase por dous sectores máis, o ferroviario e o oleiro. O primeiro por contar no seu recinto coa estación de ferrocarril, cas casas dos peóns da RENFE situados ao carón da vía e o segundo por ser un oficio de fonda tradición na historia do barrio, onde contabamos con varios fornos e con varios artesáns coma o Mourón (Castiñeira, 1983) ou o Roxo<sup>26</sup>.

Coa ampliación da estrada nacional tomouse a decisión de demoler todo o conxunto a ambos lados do camiño, provocando que moitas familias abandonasen o barrio e transformándose este por completo con novas construcións, similares ás que podemos atopar na actualidade. Este feito tivo lugar en 1973, comezou en abril e rematou o 26 de agosto de 1973 co derrubamento da antiga construción de Bodegas Barral, aberta ao público o 1 de xaneiro de 1943.

Grazas a fotografías aéreas como esta podemos apreciar boa parte do conxunto de casas e ver na parte superior esquerda a taberna do Cholo, seguida pola do Pisto, a da Lola a Paragüeira, a da Estrella a Teixona, a da María do Curro e despois a de Bodegas Barral, ca parra diante da porta. Seguiría a da Estanqueira, a de Aurita a Teixeira e o Rafael, a de Paco o Teixón e a Paca de Juana, a da familia do Cabanas e por último a da Susa, unha familia de ferroviarios<sup>27</sup> (Vid. Fig. 49).

Poderíamos ampliar algo máis a identificación destas casas coa seguinte fotografía, onde veríamos en primeiro termo -tras o cartel da sidra- a casa do Roxo o alfareiro, seguida pola do Agapito, a Forxa de Tomás o Carabel e xa, coa porta de maiores dimensións, novamente a «casa do Cholo». Pola outra banda, na parte dereita da fotografía poderemos identificar a casa da familia Dans.

Pola beira contraria da estrada desa vista aérea (Vid. Fig. 49) estaría a da Rueira e o seu fillo Pepe o Rueiro, unha bodega que tiñan alugada para gardar Pedro o do Barral os aparellos para o viño, a da Lola a Aranguesa, a casa do Callou, que era garda no taller do Rey, e a da María a Pichona. Despois habería unhas leiras, onde na parte traseira o alumnado da Laboral aprendería a manexar o tractor, seguindo logo a casa da Pista e a da Remedios a Pichona, filla do Chasco o carpinteiro. Aparecen tamén as casas da actual rúa Arxentina, vinculadas moitas ás familias ferroviarias, como explicamos no punto dedicado a este fenómeno.



Fig. 47 Veciñas da Magdalena con Betanzos e os varais do lúpulo ao fondo.



Fig. 48 Imaxe do cruzamento da Magdalena e da Avenida da Coruña



Fig. 49 Imaxe aérea do barrio da Magdalena.



Fig. 50 Detalle dunha vista xeral de Betazos en 1977 na que se ve todo o barrio da Magdalena<sup>28</sup>.



Fig. 51 Celebración do Entroido na Magdalena. Fig. 52 Celebración do Entroido na Magdalena.



Fig. 53 Dous homes camiñan pola Avenida da Coruña.



Fig. 54 Neno xogando ao pé da antiga ponte sobre a canle da ría.



Fig. 55 Retrato no alto da Condomiña, coas antigas casas da Magdalena ao fondo.



Fig. 56 Neno con paraugas diante das casas da Magdalena, coa Casa da Rega ao fondo.



Fig. 57 Pedro Crespo paseando en bicicleta pola Magdalena o 22 de abril de 1946.



Fig. 58 Mulleres e neno pola Avenida da Coruña coa Casa da Rega.



Fig. 59 O bar da Perla, de Manolo O Brigada.



Fig. 60 Danza dos mariñeiros na Avenida da Coruña, diante de Pedro Barral e o seu bar.



Fig. 61 Mercedes e José Barral, con Luís, vendendo cacahuetes pola festa da Magdalena.

### O grupo Martín-Ballesteros

Nunha das zonas máis esquecidas de Betanzos, entre a Avenida da Coruña e a vía do ferrocarril, existe unha pequena barriada coñecida polo nome de Grupo Martín Ballesteros. Xa nas actas municipais de 1950<sup>29</sup> tratábanse asuntos referidos a este lugar, falando do albergue Martín Ballesteros, pois o seu orixe parece estar ligado á existencia de pequenas casetas para aquelas persoas que viñan camiñando ás feiras da cidade, funcionando como tal ata que a xente empezou a adoptar outros medios de transporte para vir aos mercados e pasaron entón a estar ocupadas por veciños betanceiros. Se consultamos o primeiro *Anuario Brigantino*, publicado en 1948, atoparemos entre un debuxo de Francisco Franco e o saúdo do alcalde, Tomás Dapena Espinosa, unha imaxe de Antonio Martín-Ballesteros<sup>30</sup> Costea, «Gobernador civil y Jefe provincial del Movimiento, a quien se debe la construcción de las viviendas ultrabaratadas emplazadas en el barrio de la Magdalena, de esta ciudad», seguido dun saúdo manuscrito do político franquista.

Dende sempre foi un lugar maltratado e desligado do avance social, sendo continuas as aparicións nos medios de comunicación, especialmente nos anos oitenta, reclamando servizos básicos como a recollida do lixo ou a iluminación pública da súa rúa.

De entre todas as reclamacións que podemos atopar na prensa, queremos destacar a entrevista<sup>31</sup> realizada en 1995 a José Deive «Yuma», trala presentación dun estudo por parte do profesor de enxeñaría química da UDC, Manuel Soto Castiñeira, na que alertaba dos altos índices de contaminación. Ante iso, Yuma, un dos rostros máis recoñecidos deste lugar, explicaba no xornal *As Mariñas* que «nos consideran la contaminación, la escoria del pueblo, pero me pregunto: ¿quién contamina a quién? En esta ría desembocan todas las aguas fecales de todas las casas, incluídos los colegios. Esto lo estamos tragando aquí pero de ello no se habla. Dirán ¡ya están acostumbrados!» e polo tanto pide



Fig. 62 Vista do antigo embarcadoiro que había na pequena canle entre a Magdalena e Martín Ballesteros.



Fig. 63 Vista da parte traseira das antigas casas da Magdalena no camiño que leva a Martín-Balletero.

solidariedade cun barrio que xa nese momento se dedicaba á recollida da chatarra e o cartón. Pero trátase dun lugar que mudou moito no último século, xa que como podemos ver nas imaxes, o pequeno regato que desembocaba detrás das casas da Magdalena ou da Avenida da Coruña, facía de lugar de recreo improvisado para os máis pequenos.

#### 4.- SE Á MAGDALENA NON VOU, MEU AMOR

Facendo nosos os adxectivos empregados por Juan M.<sup>a</sup> García Otero no seu traballo, non podemos máis que sentenciar que a incuria e a especulación foron as culpables de rematar con parte da pouca esencia histórica que restaba no barrio. Un lugar desvirtuado, convertido nunha zona de servizo para o resto da poboación e no que o seu pasado parece afogar entre o tráfico e o formigón.



Fig. 64 Cadro da Condomiña, de Pablo Graña.

Contra todo iso e por pouco que poida parecer, a Asociación de Veciños da Magdalena e A Condomiña busca engadir o seu pequeno gran de area á historia local, xa sexa mantendo vixente a festa máis antiga -e primeira do calendario festivo local- ou dando a coñecer as pequenas sorpresas que agocha un lugar que ás veces parece tan distanciado do Betanzos dos Cabaleiros. Dende o arrabalde e coa humildade que isto supón, seguimos reclamando a efervescencia que tivo no seu momento, a beleza que desprendía cos traballos de Bescansa, Tenreiro ou González Villar. Mais tamén co lagar dos lazarados, coas súas casetas e cos restos da fábrica de curtidos, o particular faro que mantén presente dende o alto da súa cheminea a historia e as calamidades dun lugar que, loitando contra o esquecemento, decidiu seguir escribindo a súa particular historia.

NOTAS

<sup>2</sup> Esta avenida foi bautizada polo pleno do 13 de febreiro de 1962, colocándose a placa que leva o seu nome e que aínda podemos contemplar na actualidade ao final do Valdoncel, o 25 de agosto de 1962. Anteriormente era recoñecida unicamente como estrada á Coruña. Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de actas municipais, c.27.

<sup>3</sup> Quen sabe se poderíamos ter sumado unha fonte máis á visita de terse levado a cabo esta nova obra filantrópica dos García Naveira anunciada na prensa local «En nombre del pueblo de Betanzos, suplicamos al ilustre Ayuntamiento, que procure por todos cuantos medios crea convenientes, que los obstáculos que se presenten para poder llevar a cabo la construcción del lavadero y fuente que en el barrio de la Magdalena piensan y desean construir los Sres. D. Jesús y D. Juan García Naveira, sean removidos de tal manera que no se anteponga nunca el interés particular al bien común de diez mil habitantes que verán con sumo placer la realización de dicha obra.» *El Pueblo: Órgano independiente de esta localidad*, nº54, 12 de outubro de 1901, p.3.

<sup>4</sup> Non me deterei demasiado nestas cuestións por estar publicadas por especialistas en edicións anteriores deste *Anuario Brigantino*. Ao final do texto aparece unha listaxe bibliográfica para todo aquel interesado en aumentar os seus coñecementos con respecto a algún destes puntos.

<sup>5</sup> Algo así deberon pensar os concelleiros betanceiros en 1902 cando por estar desfrutando da festa «y estuvo ésta concurridísima» esqueceron ir participar ao pleno que non se puido celebrar por non reunir o quórum suficiente: «La mucha concurrencia que lo apacible de la tarde reunió en el barrio de la Magdalena, hizo olvidar a la casi totalidad de nuestros concejales, que era día señalado para celebrar sesión supletoria nuestro Ayuntamiento». *El Pueblo: Órgano independiente de esta localidad*, nº79, 5 de abril de 1902, p.3.

<sup>6</sup> O propio Cronista de Betanzos (Núñez-Varela y Lendoiro, 2015: 34) recolle este hábito ao se referir xa a costumes do século XVIII, onde «algunas feligresías de la jurisdicción Real de Betanzos estaban obligadas a participar en el acarreo de materiales «a vila», como todavía se estila decir entre los que acuden a ella para resolver sus asuntos».

<sup>7</sup> Segundo información de Alfredo Erias, este cruceiro foi destruído nos tempos da II República (Erias, 2001: 342) mentres que nun traballo recente de Núñez Varela, asegúrase que foi o alcalde José Novo o 9 de maio de 1932 ás 13:30h, sendo os varredors os encargados de desmontalo e tiralo ao río, segundo a testemuña escrita de Francisco Javier Martínez Santiso (Núñez Varela, 2019: 19).

<sup>8</sup> Agradezo esta e outras fotografías aéreas do Instituto Laboral á cortesía do amigo Julián Ferrer, mestre de Historia no IES Francisco Aguiar e mentor de moitos dos novos historiadores betanceiros.

<sup>9</sup> Xa se tiña habilitado para o paso de Alfonso XIII e a raíña dona Victoria Eugenia, o 4 de febreiro de 1912, camiño da botadura do acorazado «España» en Ferrol (Núñez-Varela, 2015: 58).

<sup>10</sup> *La Aspiración*, nº 430, 31 de decembro de 1911, p.2.

<sup>11</sup> Agradezo profundamente esta achega ao amigo Juan de la Fuente -pai- por ser esta unha zona practicamente descoñecida para min.

<sup>12</sup> A obra de Xosé María Veiga e Xesús Torres Regueiro referenciada por Andrés Martínez é a que leva por título «Curiosos apuntes del Fútbol año 1909 en la Ciudad de los Caballeros» debendo ser publicado no *El Ideal Gallego* do 3 de marzo de 1991. Fai referencia tamén a este traballo no *Libro das Festas Patronais de Betanzos* de 1995 e nas publicacións mensuais que o propio Andrés Martínez Guerra asinaba no xornal *As Mariñas* baixo o título de «Historia del fútbol en Betanzos», en diferentes números dos anos 1995 e 1996.

<sup>13</sup> Apreciación publicada por Andrés Martínez Guerra no xornal *As Mariñas*, novembro de 1995, p.8.

<sup>14</sup> Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.53. Pleno do 19 de outubro de 1945.

<sup>15</sup> Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.25. Pleno do 8 de xaneiro de 1951

<sup>16</sup> *El Eco de las Mariñas*, 13 de febreiro de 1956, p.6.

<sup>17</sup> *El Eco de las Mariñas*, 1 de abril de 1956, p.5.

<sup>18</sup> Programa das festas patronais de San Roque de 1958, p.13.

<sup>19</sup> Equipo de fútbol no que podemos identificar a Ricardo Díaz, José Medín *Suízo*, Cesar Couce, Germade, Javier Sánchez e Sobrino. Abaixo a Ángel Arcay -pai do que isto escribe- José Manuel Casal, Eduardo Fuentes, Juan Manuel Sánchez Lastres e Miguel Fernández.

<sup>20</sup> *Betanzos, Revista del Centro Betanzos*, nº43, 1 de decembro de 1948, p.17.

<sup>21</sup> Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.47. Pleno do 1 de marzo de 1923.

<sup>22</sup> Un dos proxectos que atopamos no Arquivo Municipal é o de plantar polo parque 18 especies diferentes de árbores, levantar un quiosco e un palco da música. Arquivo Municipal de Betanzos. Fondo Martínez Santiso, c.4394.



<sup>23</sup> Arquivo Municipal de Betanzos. Fondo Martínez Santiso, c.7744.

<sup>24</sup> Arquivo dixital de Antonio Tenreiro. Referencia 52-A, n.º FI\_6 [Dispoñible en: <http://atenreiro.archivosarquitectos.com/es/original/project/2>. Consultado o 14 de febreiro do 2019]

<sup>25</sup> Unha das fontes máis completas para coñecer este particular monumento será a publicación do Documento Oficial de Galicia no que se recolle a incorporación do ben ao catálogo. Resolución do 5 de novembro do 2018 pola que se acorda a inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia da denominada Casa da Rega, sita no número 13 da Avenida da Coruña, no termo municipal de Betanzos, DOG n.º 229, 30 de novembro do 2018, p.50695. [Dispoñible en: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180126/AnuncioG0164-180118-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180126/AnuncioG0164-180118-0002_gl.html). Consultado o 13 de febreiro do 2019]

<sup>26</sup> É posible atopar tamén no *Anuario Brigantino* de 1982, baixo o título de «O grupo Untía recupera a alfarería de Betanzos», un exemplo de como esta tradición permanecía viva no barrio grazas á familia Mourón, quen trouxera este oficio dende a vila de Buño da que eran orixinarios.

<sup>27</sup> Estes datos, igual que boa parte do traballo, son froito da boa memoria e o cariño polo barrio de Pilar Barral López, a filla máis pequena de Pedro Barral e María López, nai do que esto escribe e veciña da Magdalena. A ela o meu máis sincero agradecemento pola axuda e por terme inculcado esta particular visión do Betanzos dos Cabaleiros.

<sup>28</sup> Arquivo de Galicia. Código de referencia: ES. GA. 15078.AG/2.3.4.1.1//G06071/117 [Dispoñible en: [http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/catalogo\\_imagenes/grupo.do?registrardownload=0&path=55166&posicion=1&presentacion=pagina](http://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/catalogo_imagenes/grupo.do?registrardownload=0&path=55166&posicion=1&presentacion=pagina). Consultado o 14 de febreiro do 2019]

<sup>29</sup> Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.25. Actas municipais do 6 de maio de 1950.

<sup>30</sup> Se a orixe do topónimo deste lugar procede da homenaxe ao lider franquista, haberá que ter en conta que o seu apelido é singular, sendo Martín-Ballesteros.

<sup>31</sup> Arquivo Municipal de Betanzos. Libro de Actas Municipais, c.3105. Pleno do 3 de maio de 1962.

<sup>32</sup> *As Mariñas*, n.º 15, xuño de 1995, p.10.

## BIBLIOGRAFÍA

ARES FARALDO, Manuel (1983): «Apuntes sobre el barrio de la Magdalena hace dos siglos», *Anuario Brigantino*, n.º 6, pp.39-42.

-(1986): «Item más sobre el barrio de la Magdalena», *Anuario Brigantino*, n.º 9, pp.37-39.

CARRO OTERO, José; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos M.; GARCÍA CORTÉS, Rosalía (1987): «Reedificación, en 1789, de la capilla del antiguo «Hospital de Lazarados», extramuros de la ciudad de Betanzos», *Anuario Brigantino*, n.º 10, pp.51-70.

CASTIÑEIRA PURRIÑOS, Francisco-José (1983): «Manuel Casanova e Julio Mourón: Dous betanceiros que manteñen viva a tradición da nosa artesanía», *Anuario Brigantino*, n.º 6, pp.181-186.

DE LA FUENTE, Vicente (2004): «Un recluso en Betanzos llamado Vicente Ferrer», *Anuario Brigantino*, n.º10, pp.383-392.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1983): «A chegada do ferrocarril a Betanzos», *Anuario Brigantino*, n.º 6, pp.85-100.

-(1995): «Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos», *Anuario Brigantino*, n.º 18, pp.29-60.

-(2001): «Unha viaxe polo Betanzos da Segunda República: proclamación, anticlericalismo e vinganza», *Anuario Brigantino*, n.º 24, pp.291-378.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo; VEIGA FERREIRA, José María (2002): «Betanzos y su provincia en la época del Emperador Carlos V», *Anuario Brigantino*, n.º 25, pp.181-260.

FERNÁNDEZ DE ROTA Y MONTER, José Antonio; IRIMIA FERNÁNDEZ, María del Pilar (2000): *Betanzos frente a su historia: sociedad y patrimonio*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña.

- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos M.; VEIGA FERREIRA, José María (1992): «La fiesta de la Magdalena: ¿la más antigua de nuestra ciudad?», *Anuario Brigantino*, nº 15, pp.295-296.
- GARCÍA OTERO, Juan María (1983): «El barrio de la Magdalena de Betanzos. Un típico caso de incuria y especulación», *Anuario Brigantino*, nº 28, pp.433-442.
- GUTIÉRREZ MORÁN, Arturo (2006): «Ferrocarril de Betanzos a Ferrol («El Ramalillo»)», *Anuario Brigantino*, nº 29, pp.239-272.
- HALL, S. (1998): “A questão da identidade cultural”. En *Textos Didáticos*, nº 18, p.12.
- HOBBSAWM, Eric (2000): «Identidad». En SILVEIRA GORSKI, H.: *Identidades comunitarias y democracia*. Ed. Trotta, Madrid.
- LINDOSO TATO, Elvira; VILAR RODRÍGUEZ, Margarita (2008): «Análisis comparado de dos elites brigantinas: la trayectoria empresarial de los Núñez y los Etcheverría desde una perspectiva histórica (c.1717-1955)», *Anuario Brigantino*, nº 31, pp.111-140.
- MONTERO GÓMEZ, Xosé Manuel; RODRÍGUEZ PORCA, Pedro L. (2002): «Cincuentenario do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos (1952-2002): Historia e conmemoración», *Anuario Brigantino*, nº 25, pp.492-527.
- MONTEROSO MONTERO, Juan M. (1997): «Un capítulo en la pintura brigantina: el Santuario de Nuestra Señora del Camino y Fernando Reymóndez Figueroa», *Anuario Brigantino*, nº 20, pp.239-250.
- NÚÑEZ-VARELA YLENDOIRO J. R.; RIBADULLA PORTA, J.E. (1984): *Historia documentada de Betanzos de los Caballeros*. Caja de ahorros de Galicia, A Coruña.
- (2015): *Morfología urbana de Betanzos de los Caballeros: Extramuros. Aproximación documental*. Concello de Betanzos.
- (2015b): «Cae la sede de Industrias Núñez de Betanzos, obra de González Villar», *Web oficial del Cronista de Betanzos*. [Disponible en: <http://www.cronistadebetanzos.com/cae-la-sede-de-industrias-nunez-de-betanzos-obra-de-gonzalez-villar/>. Consultado o 1 de febreiro do 2019].
- (2019): «Apuntes históricos de Betanzos: Administración municipal», *Web oficial del Cronista de Betanzos*. [Disponible en: <http://www.cronistadebetanzos.com/wp-content/uploads/2019/02/A.H%C2%BA-Santiso.pdf>]
- PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (1986): «Los Pardo de Cela en el siglo XV», *Anuario Brigantino*, nº 9, pp.23-30.
- RÍO VÁZQUEZ, Antonio Santiago (2011): «Dos ejemplos brigantinos en la recuperación de la arquitectura moderna», *Anuario Brigantino*, nº 34, pp.481-492.

